

CIFP VALENTÍN PAZ ANDRADE

O centro amplía a súa oferta de ciclos nos sectores profesionais industriais

Innovación á medida das empresas

O Centro Integrado de Formación Profesional (CIFP) Valentín Paz Andrade mantén unha atención constante ao seu contorno socioproductivo para adecuar a oferta de cursos ás necesidades das empresas que favorezan a súa competitividade. O obxectivo é adecuar a competencia dos futuros titulados ás necesidades fundamentalmente dos sectores industriais relacionados coas familias profesionais de: Transporte e mantemento de vehículos; Enerxía e auga; Fabricación mecánica; Madeira, moble e cortiza; e Instalación e mantemento.

Nestas familias profesionais, a inserción laboral é moi elevada, superando amplamente o 90 % na maioría das titulacións que se ofertan.

Para o próximo curso 2024-2025, o centro aumentará, un ano máis, o número de prazas debido a novos ciclos en oferta Ordinaria e Dual intensiva.

Ciclos en oferta ordinaria:

-Ciclo de Grao Superior en Programación da produción en moldeamento de metais e polímeros.

Ciclos en oferta Dual Intensiva. Compatibiliza a formación conducente a titulación cunha remuneración mensual, a través de parte de formación recibida na empresa mentres se habitúa o alumnado ao resto de actividade profesional:

-Ciclo de Grao Medio en Soldadura e cadeiraría.

-Dobre titulación Ciclo de Grao Medio Instalacións frigoríficas e climatización, e de produción de calor.

-Ciclo de Grao Medio de Car-

pintería e moble.

-Ciclo de Grao Medio de Condución de vehículos de transporte por estrada (novo en Galicia).

-Ciclo de Grao Medio de Carrozaría.

-Ciclo de Grao Superior de Construcións metálicas con oferta parcial de CS Automoción.

Másteres de Formación Profesional. Son cursos de especialización sobre titulacións de FP, dun ano de duración.

-Curso de especialización de Grao Superior de Auditoría enerxética

-Curso de especialización de Grao Superior en Fabricación aditiva.

-Curso de especialización de Grao Superior de Mantemento e seguridade en sistemas de vehículos híbridos e eléctricos. Con For-

mación Dual na empresa Stellantis.

A oferta existente no centro inclúe tamén, ademais da ordinaria, varios ciclos en oferta modular, en horario de tarde, o que facilita a compatibilidade con outra actividade profesional ou de conciliación. Dentro da posible oferta modular existente no centro, o Ciclo Superior de Programación da Produción en Moldeo de Metais e Polímeros (agora tamén en oferta ordinaria como se comentaba anteriormente) é unha formación aínda pouco coñecida polo potencial alumnado, a pesar de ter unhas saídas profesionais de alto interese pola necesidade de persoal cualificado en procesos produtivos moi tecnificados.

O resto da oferta pódese consultar na web do centro www.cifpvalentinpazandrade.es ou na propia web da xunta www.edu.xunta.gal/fp.



Alumnos do CIFP Valentín Paz Andrade, realizando unha práctica cun motor.

Cursos gratuítos de capacitación dixital

Á parte da preocupación por favorecer unha formación actualizada, está a mellora da competencia dixital do profesorado e alumnado como futuros profesionais en contornas máis dixitalizadas. Neste aspecto, comezouse a aplicar un ambicioso Plan dixital que terá continuidade nos próximos cursos.

O CIFP Paz Andrade forma parte da Rede Galega de Educación Dixital dende o curso 2021-22, como centro coordinador no ámbito xeográfico de Vigo. Neste marco, ofértanse tamén gratuitamente

ao longo do ano varios Cursos de Capacitación Dixital destinado ás persoas interesadas que non estean matriculadas en ensinanzas regradas, onde se imparten contidos básicos tales como: Correo electrónico, Certificados electrónicos, Trámites de Banca electrónica, Trámites coas administracións (Xunta, Sergas, Axencia Tributaria...), Internet ou Redes sociais.

O centro tamén participa en distintos eventos e desenvolve proxectos de innovación, tanto tecnolóxica coma didáctica.



Outra das actividades desenvolvidas polo centro vigués.